

CPI Tino Grandío

Lugar Barrio Guntín de Pallares S/N. 27211 Guntín (Lugo)

Departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

Programación didáctica

Curso 2020-2021

Blanca Bermúdez Díaz

Xefe do Departamento de Educación Plástica

ÍNDICE

<u>Contexto do centro</u>	<u>3</u>		
<u>Organización do Departamento de EPVA</u>	<u>3</u>		
<u>Sesión de xefatura do departamento</u>	<u>3</u>		
<u>Alumnado e niveis para o curso 2020-2021</u>	<u>3</u>		
<u>Programación didáctica de EPVA e EPV na ESO</u>	<u>5</u>		
<u>Obxectivos da ESO (LOMCE)</u>	<u>5</u>		
<u>Contribución da EPVA (LOMCE)</u>			
<u>ao logro das competencias clave</u>	<u>6</u>		
<u>Conceptos clave</u>	<u>8</u>		
<u>EPVA 1º de ESO</u>	<u>10</u>		
<u>Secuenciación e temporalización dos contidos</u>	<u>10</u>		
<u>Relación de aspectos curriculares</u>			
<u>para cada unidade didáctica</u>	<u>12</u>		
<u>EPVA 3º de ESO</u>	<u>16</u>		
<u>Secuenciación e temporalización dos contidos</u>	<u>16</u>		
<u>Relación de aspectos curriculares</u>			
<u>para cada unidade didáctica</u>	<u>18</u>		
<u>EPV 4º de ESO</u>	<u>22</u>		
<u>Secuenciación e temporalización dos contidos</u>	<u>22</u>		
<u>Relación de aspectos curriculares</u>			
<u>para cada unidade didáctica</u>	<u>24</u>		
<u>Criterios e estratexias metodolóxicos</u>	<u>27</u>		
<u>Materiais curriculares, espazos e recursos didácticos</u>	<u>28</u>		
<u>Avaliación</u>	<u>29</u>		
		<u>Avaliación inicial</u>	<u>29</u>
		<u>Avaliación continua e final</u>	<u>29</u>
		<u>Criterios de cualificación e promoción</u>	<u>29</u>
		<u>Avaliación das probas extraordinarias</u>	<u>30</u>
		<u>Instrumentos de avaliación</u>	<u>30</u>
		<u>Sistemas de cualificación</u>	<u>31</u>
		<u>Autoavaliación do profesorado</u>	<u>31</u>
		<u>Abandono de materia</u>	<u>31</u>
		<u>Atención á diversidade</u>	<u>32</u>
		<u>Alumnado con necesidades educativas especiais</u>	<u>32</u>
		<u>Recuperación da materia pendente</u>	<u>33</u>
		<u>Elaboración e cualificación das probas</u>	
		<u>extraordinarias de recuperación</u>	<u>33</u>
		<u>A recuperación en programas</u>	
		<u>de diversificación curricular</u>	<u>33</u>
		<u>Actividades complementarias e extraescolares</u>	<u>34</u>
		<u>Fomento da lectura</u>	<u>34</u>
		<u>Integración das TIC na EPV e na EPVA</u>	<u>34</u>
		<u>Metodoloxía</u>	<u>35</u>
		<u>Anexo I: Adaptación da programación as condicións excep-</u>	
		<u>cionales do ensino motivadas pola pandemia de covid 19</u>	<u>36</u>

CONTEXTO DO CENTRO

O CPI Tino Grandío sitúase no núcleo urbano de Guntín, zona de economía básicamente agropecuaria e cunha poboación maiormente dispersa en aldeas e predios con casas illadas, o que inflúe necesariamente na idiosincrasia do CPI: lugar de encontro de non poucos nenos e rapaces que só ocasionalmente se relacionan fóra do centro, ben por cuestión de distancia e falta de transporte, ben por ter que colaborar co mantemento da explotación familiar.

O aproveitamento do tempo na clase resulta decisivo para a formación académica, que debe compaxinarse coa socialización do alumnado nun equilibrio non sempre doado.

O CPI imparte docencia das etapas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, o que facilita a transmisión de información das peculiaridades de aprendizaxe que presenta cada alumno ao longo da súa escolarización no centro. A práctica maioría do alumnado é galegofalante, o que non supón barreira algunha para a integración do alumnado doutras comunidades autónomas ou doutros países.

O alumnado de extracción rural presenta un baixo nivel de confeitividade e indisciplina, sendo puntuais e excepcionais os casos graves de faltas de comportamento e de absentismo escolar.

ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO DE EPVA

O Departamento de Educación Plástica e Visual e Audiovisual no presente curso está formado por un único membro con cargo de xefe do mesmo, a profesora Blanca Bermúdez Díaz, que está cubrindo una interinidade con contrato ata o 15 de setembro do 2021.

O Departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual asume a docencia da materia en 1º, 3º e 4º de ESO e de Hábitos de Vida Saudable en 2º.

As horas de impartición da materia son: dúas sesións semanais en 1º, dúas sesións en 3º de ESO e tres sesións por semana en 4º de ESO.

Sesión de xefatura do departamento

Segundo a normativa vixente, o xefe de departamento adicará unha sesión semanal a abordar asuntos propios do seu cargo. Esta sesión figura a 3ª hora dos martes no horario da profesora da materia e xefe do departamento.

Alumnado e niveis para o curso 2020-2021

O departamento imparte docencia ao alumnado distribuído nos seguintes grupos e niveis:

1º ESO: 11 alumnos/as.

3º ESO-A: 13 alumnos/as.

3º ESO-B: 10 alumnos/as.

4º ESO-B: 10 alumnos/as.

Alumnos/as coa materia pendente de cursos anteriores: Non hai

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EPVA

A actual programación didáctica baséase na LOMCE para os niveis de 1º, 3º e 4º de ESO.

OBXECTIVOS DA ESO (LOMCE)

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; adestrarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e de oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio natural, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e de representación.

CONTRIBUCIÓN DA EPVA (LOMCE) AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados dende un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; hai que lembrar que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para tal fin, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia**, que serán os que *describan* o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento encontraremos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétese en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivable. Para o seu desenvolvemento, pátense dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra banda, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudarán a que os alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse na sociedade e a colaborar na súa mellora.

A diversidade dos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, conducen a traballar dende as **diferentes potencialidades** de cada un deles, para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de **Educación Plástica, Visual e Audiovisual** incidirase no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área é unha oportunidade para utilizar a linguaxe simbólica así como o afondamento en aspectos espaciais da realidade e da súa representación gráfica. Tamén na área se adestran procedementos relacionados co método científico, como son: a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e a análise.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

Comunicación lingüística

Esta área contribúe á adquisición da competencia lingüística na medida en que favorece a comprensión e a expresión oral e escrita ao promover o coñecemento e a utilización do vocabulario específico referido á expresión artística e ao explorar diferentes canles de comunicación.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.

- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

Dentro da área aparecen contidos que fan referencia ao ámbito audiovisual e multimedia, dándolle especial importancia ao uso de ferramentas tecnolóxicas, para a creación de producións audiovisuais.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.

Conciencia e expresións culturais

A área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual contribúe, especialmente, a adquirir a competencia artística e cultural. Xa que se pon a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e dos recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra parte, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e é capaz de expresarse a través da imaxe.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta área é unha boa ferramenta para potenciar a competencia social e cívica. Na medida en que as producións artísticas se poden presentar como traballo en equipo, sendo unha oportunidade para fomentar a cooperación, o respecto, a tolerancia, etc. Por outra parte o fomento da creatividade na aula, leva a valorar diversos enfoques e propostas.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta área colabora en boa medida na adquisición do sentido de iniciativa e do espírito emprendedor xa que en todo proceso de creación hai que converter unha idea nun produto e para iso hanse de desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Este proceso sitúa o alumnado ante un feito que o obriga a tomar decisións de xeito autónomo. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica fomentan a iniciativa e o espírito emprendedor.

Os descritores que adestraremos son:

- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Encontrar posibilidades no arredor que outros non aprecian.

Aprender a aprender

Esta materia contribuirá á competencia para aprender a aprender na medida en que favoreza a reflexión sobre os procesos e a propia experimentación creativa, xa que esta implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

Os descritores que adestraremos son:

- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

CONCEPTOS CLAVE

(Orde OCD 65/2015. BOE 29/1/2015)

Desenvolvemento curricular	2º nivel de planificación curricular. Elaborao a CCP e aproba o Claustro. Inclúese no PEC.
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizanas os departamentos didácticos.
Programación da aula	4º nivel de planificación. Realizaa o profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o procesode ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a: 1) Que, cando e como ensinar? 2) Que, cando e como avaliar? 3) Como atender á diversidade.
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia para valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que o alumnodebe comprender, saber e saber facer. Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliábles. Poden concretarse mediante os indicadores de logro.
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisicións dos estándares e forman parte dos criterios de cualificación dos mesmos. O instrumento idóneo para identificar a graduación sería a rúbrica. O profesor debe definir os indicadores e poñelos en práctica
Grao de consecución dun estándar	Sinala o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superar a materia (Art. 13º, 3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido, máis imprescindible é o estándar.
Estándares imprescindibles	Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de consecución debe estar próximo ao 100%. Non se nomean en Galicia.
Procedementos e instrumentos	Fixados polo Proxecto Curricular do Ministerio de Educación en 1992. Habería que engadir rúbricas ou escalas e os portfolios.
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxeou dunha competencia.
Portfolio	Achega de produción do alumno.
Outros aspectos	

Graduación dos estándares	Sirve para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa.
Perfil de área	Conxunto de estándares dunha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzón. (art. 5º, 6 Orde ECD 65/2015).
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave. (Art. 5º, 7 Orde ECD 65/2015).
Avaliación das competencias	<i>A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores. (Art. 7º, 3 Orde ECD 65/2015).</i>
Nivel de desempeño das competencias	<i>Podéranse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación (...) que teñan en conta á atención á diversidade. (Art. 7º, 4 Orde ECD 65/2015).</i>
Tarefa	É a acción ou conxunto de acción orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes disponibles para elaborar un produto relevante. A tarefa integra actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1: B1: Bloque de contido 1. 1 / Contido 1 do bloque.
Identificación de estándares	Exemplo: XH B1.1.2 XH: Abreviatura da área de Xeografía e Historia. B1. Bloque de contidos ao que pertence o estándar. 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar. 2: Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

EPVA. 1º DE ESO

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización	
	U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións
		B1	Bloque 1: Expresión plástica		
1ª	1	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4 B1.5	-Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano. -Aprecio do uso que os artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións -O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual. -Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, ao seu grosor ou á súa velocidade. - Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume	Outubro	7
1ª	2	B1.6 B1.7 B1.8	-Elementos de expresión plástica: liña textura e cor. -Composición: elementos. -O ritmo na composición.	Out./ Nov.	4
1ª	3	B1.9 B1.10	-A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura substractiva -Círculo cromático. Cores complementarias	Nov.	6
1ª	4	B1.11 B1.12	-Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas. -Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas secas, húmidas e mixtas.	Dec.	4
		B2	Bloque 2: Comunicación audiovisual		
1ª/2ª	5	B2.1 B2.2 B2.4 B2.5	-Imaxe e comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta. -Comunicación visual. Símbolos e iconas. -Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela -Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.	Dec./ Xan.	9
2ª	5	B2.3	-O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.	Feb.	7
		B3	Bloque 3: Debuxo técnico		
2ª	6	B3.1 B3.2	-Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares. -Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45º	Marzo.	6

2ª	6	B3.3 B3.4	-Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano. -Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis u oito partes iguais usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.		
2ª	7	B3.5 B3.6 B3.7 B3.8	-Ángulos. Clasificación de ángulos e posición relativos. -Trazado de ángulos con escuadra e cartabón. -Realizar operación con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares. -Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.	Marzo/ Abril	6
2ª/3ª	8	B3.9 B3.10 B3.11 B3.12	-Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás. -Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano. -Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para escala dun polígono. -Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	Abril.	6
3ª	9	B3.13 B3.14 B3.15 B3.16 B3.17 B3.18 B3.19 B3.20	-Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos. -Construción de triángulos. -Liñas e puntos notables dos triángulos. -Triángulo rectángulo: características e construción dun. -Cuadriláteros: clasificación e propiedades. -Construción de cuadriláteros. -Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos. -Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.	Maio/ Xuño	12

 *Contidos mínimos*

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso

RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE DIDÁCTICA

Aval.	UD	Identif. contidos	Identif. criterios	CC	Estándares de aprendizaxe	Estándares de aprendizaxe avalíase indicadores de logro		Criterios e instrumentos de avaliación							Temas transversais						
						Grao mín. consec.	Peso cualifica.	Instrumentos					CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV		
								Tr. ind.	Tr. gpo.	Cad.	Rub.	Ots.									
Bloque 1. EXPRESIÓN PLÁSTICA																					
1ª	4	B.1.11	B.1.6	CCEC	EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frotage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	50%	30%	●				●					●				
				CCEC	EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	40%	10%						●						●		
		B.1.12	B.1.7	CCEC	EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	30%	5%							●					●		
				CCEC	EPVAB1.7.3. Experimenta coas témporas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	50%	25%	●				●	●						●		
				CCEC	EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes mátericas e figuras tridimensionais.	25%	15%								●					●	
				CCEC	EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compoñendoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	10%	5%	●						●						●	
				CCEC	EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	10%	5%							●	●					●	
				CCEC	EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	10%	5%									●	●				
Bloque 2. COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL																					
1ª/2ª	5	B.2.1	B.2.1	CCL	EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.	50%	40%										●				
				CCL	EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.													●			
				CD	EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.									●							
		B.2.2	B.2.2	CCL	EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.	50%	40%												●		
				CD	EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas.									●	●	●				●	

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso

RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE DIDÁCTICA

Aval.	UD	Identif. contidos	Identif. criterios	CC	Estándares de aprendizaxe	Estándares de aprendizaxe avaliábeis indicadores de logro		Criterios e instrumentos de avaliación							Temas transversais					
						Grao mín. consec.	Peso cualifica.	Instrumentos					CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
								Tr. ind.	Tr. gpo.	Cad.	Rub.	Obs.								
Bloque 3. DEBUXO TÉCNICO																				
3ª	8	B3.11	B3.10	CSIEE	EPVAB3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.	10%	5%													
		B3.12	B3.11	CMCCT	EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	15%	10%													
				CCEC	EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	50%	5%													
	9	B3.14	B3.13	CAA	EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	50%	40%	●												
		B3.15	B3.14	CSIEE	EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.	25%	5%	●												
		B3.16	B3.15	CMCCT	EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	50%	5%	●												
		B3.17	B3.16	CCEC	EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.	25%	5%													
		B3.18	B3.17	CAA	EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.	50%	40%													
		B3.19	B3.18	CCEC	EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	10%	10%	●												
		B3.20	B3.19	CMCCT	EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.	90%	90%	●												

■ Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

SIGLAS DAS COMPETENCIAS	SIGLAS DOS TEMAS TRANSVERSAIS
<p>CC: Competencias clave. CCL: Competencia de comunicación lingüística. CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas de ciencia e tecnoloxía. CD: Competencia dixital. CAA: Competencia de aprender a aprender. CSC: Competencias sociais e cívicas. CSIEE: Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>	<p>CL: Comprensión lectora. EOE: Expresión oral e escrita. CA: Comunicación audiovisual. TIC: Tecnoloxías da información e comunicación. EMO: Emprendemento. EC: Educación cívica. PV: Prevención da violencia.</p>

EPVA. 3º DE ESO

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización	
	/U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións
		B1	Bloque 1: Expresión plástica		
1ª	1	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	-Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño -O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva. aplicalo ás propias composicións -A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade. -O bosquejo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.	Out	6
1ª	2	B1.5 B1.6 B1.7	-Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento. -Temperatura da cor. -Simbolismo da cor.	Out./ Nov.	7
1ª	3	B1.8	-Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas	Nov.	4
		B2	Bloque 2: Comunicación audiovisual		
2ª	4	B2.1 B2.2 B3.3 B2.4 B2.6 B2.7 B2.8	-Percepción visual. Proceso perceptivo. -Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor. -Ilusións ópticas. -Leis ou principios da Geatalt. -Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado. -Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe. -Denotación e connotación.	Dec./ Xan.	8
2ª	5	B2.5 B2.9 B2.10 B2.11 B2.12 B2.13 B2.14	-Imaxe en movemento: posibilidades expresivas. -Fotografía. A fotografía como medio de comunicación. -Linguaxes visual e audiovisual: función e códigos. -Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais. -Publicidade: principais recursos visuais empregados nela. -Cine. O cine como medio de comunicación. -Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.	Xan./ Feb.	8

		B3	Bloque 3: Debuxo técnico		
2ª	6	B3.1	-Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	Febreiro	2
2ª	7	B3.2 B3.3	-Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos. -Construción de polígonos regulares dado o lado.	Marzo	3
3ª	8	B3.4 B3.5 B3.6 B3.7	-Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias. -Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides. -Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoides. -Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características.	Mar./ Abril	9
3ª	9	B3.8 B3.9 B3.10 B3.11 B3.12	-Redes modulares: cadrada e triangular. -Concepto de simetría, xiro e traslación aplicado ás composicións modulares. -Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivivos. Vistas diédricas dun sólido. -Introdución ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos. -Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos.	Maio/ Xuño	11

 *Contidos mínimos*

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE DIDÁCTICA																						
Aval.	UD	Identif. contidos	Identif. criterios	CC	Estándares de aprendizaxe	Estándares de aprendizaxe avaliábeles e indicadores de logro		Criterios e instrumentos de avaliación														
						Gra o min. consec.	Peso cualifica.	Instrumentos					Temas transversais									
								Tr. ind.	Tr. gpo.	Cad.	Rub.	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV			
Bloque 1. EXPRESIÓN PLÁSTICA																						
1ª	3	B1.8	B1.5	CSC	EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	50%	5%						●							●		
				CSC	EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	90%	10%						●									
Bloque 2. COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL																						
1ª/2ª	4	B2.1 B2.2	B2.1	CAA	EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.	10%	20%						●			●						
		B2.3 B2.4	B2.2	CSC	EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.	20%	20%						●								●	
				CCEC	EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.	20%		●											●			
		B2.5	B2.3	CD	EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	30%	25%	●									●					
		B2.6	B2.4	CCL	EPVAB2.4.1. Distingue signifiante e significado nun signo visual.	10%	5%							●		●						
		B2.7 B2.8	B2.5	CCL	EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.	10%	10%							●	●							
CCEC	EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.			10%	20%								●		●							
2ª	5	B2.9	B2.6	CCL	EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	50%	15%						●			●						
				CD	EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	50%	40%	●			●	●					●	●				
		B2.10	B2.7	CCL	EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	40%	20%		●		●									●		
		B2.11	B2.8	CSC	EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	15%	5%							●			●					

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE DIDÁCTICA

Aval.	UD	Identif. contidos	Identif. criterios	CC	Estándares de aprendizaxe	Estándares de aprendizaxe avaliábeles indicadores de logro		Criterios e instrumentos de avaliación					Temas transversais						
						Grao min. consec.	Peso cualifica.	Instrumentos					CL	E/OE	CA	TIC	EMP	EC	PV
								Tr. ind.	Tr. gpo.	Cad.	Rub.	Obs.							
Bloque 2. COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL																			
2ª	5	B2.12	B2.9	CCL	EPVAB2.9.1. Diseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	20%	10%	●			●					●			
		B2.13	B2.10	CCEC	EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.	5%	5%				●	●	●						
		B2.14	B2.11	CD	EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	5%	5%					●				●			
Bloque 3. DEBUXO TÉCNICO																			
2ª/3ª	6	B3.1	B3.1	CCL	EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	100%	100%	●						●					
	7	B3.2	B3.2	CAA	EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	100%	30%	●								●			
		B3.3	B3.3	CMCCT	EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	100%	70%	●			●					●			
3ª	8	B3.4	B3.4	CMCCT	EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	100%	40%	●			●				●				
				CAA	EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.			●						●					
		B3.5	B3.5	CMCCT	EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.	100%	40%	●			●				●				
	B3.6	B3.6	CSIEE	EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	50%	10%	●								●				
	B3.7	B3.7	CMCCT	EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	50%	10%	●			●					●				
	9	B3.8 B3.9	B3.7	CD	EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.	10%	5%	●								●			
		B3.10	B3.9	CMCCT	EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	100%	60%	●			●					●			

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso

RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE DIDÁCTICA

Aval.	UD	Identif. contidos	Identif. criterios	CC	Estándares de aprendizaxe	Criterios e instrumentos de avaliación		Temas transversais																
						Gra o min. consec.	Peso cualifica.	Tr. ind.	Tr. gpo.	Can.	Rub.	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV					
Bloque 3. DEBUXO TÉCNICO																								
3ª	9	B3.11	B3.10	CMCCT	EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	10%	10%	●			●						●							
		B3.12	B3.10	CCEC	EPVAB3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	50%	25%	●			●							●						

■ Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

SIGLAS DAS COMPETENCIAS	SIGLAS DOS TEMAS TRANSVERSAIS
CC: Competencias clave. CCL: Competencia de comunicación lingüística. CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas de ciencia e tecnoloxía. CD: Competencia dixital. CAA: Competencia de aprender a aprender. CSC: Competencias sociais e cívicas. CSIEE: Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	CL: Comprensión lectora. EOE: Expresión oral e escrita. CA: Comunicación audiovisual. TIC: Tecnoloxías da información e comunicación. EMO: Emprendemento. EC: Educación cívica. PV: Prevención da violencia.

4º DE ESO

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización	
	U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións
		B1	Bloque 1: Expresión plástica		
1ª	1	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	-A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística. -Leis da composición. -Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza. -Cor como ferramenta simbólica	Outubro	3
1ª	2	B1.5 B1.6 B1.7	-Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais. -Interese pola investigación sobre materiais, soporte, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creacións propias. -Iniciativa, creatividade e autoexigencia no proceso de produción propio.	Outubro	6
1ª	3	B1.8 B1.9	-Seguimento do proceso de creación: bosquejo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva). -Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.	Outubro	3
1ª	4	B1.10 B1.11	-Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. -Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico	Nov.	3
		B2	Bloque 2: Debuxo técnico		
1ª	5	B2.1 B2.2 B2.3 B2.4	-Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. -Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia. -Tanxencias e enlaces. -Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.	Nov.	9
1º	6	B2.5 B2.6 B2.7 B2.8 B2.9 B2.10	-Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas. -Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo a man alzada e con utensilios de debuxo técnico. -Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulación. Escalas. -Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. -Perspectiva cónica central. -Perspectiva cónica oblicua.	Dec./ Xaneiro	12

		B2.11 B2.12	-Análise das posibilidades da posición do punto de vista. -Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e de tridimensionais sinxelas.		
		B3	Bloque 3: Fundamentos do deseño		
2ª	7	B3.1 B3.2 B3.3 B3.4	-Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.). - Fases do proceso de deseño. -Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos. -Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.	Xaneiro	6
2ª	8	B3.5	-Campos de aplicación do deseño.	Febreiro	3
2ª	9	B3.6	-Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.	Feb./ Marzo	3
		B3.7	-Compoñentes da imaxe corporativa: nome cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.		3
		B3.8	- Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.		6
		B3.9	-Informática ao servizo dos proxectos de deseño.		6
		B3.10	-Planificación dun proxecto artístico.		5
		B4	Bloque 4: Linguaxe audiovisual e multimedia		
3ª	10	B4.1 B4.2	-Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. - Realización dun storyboard.	Abril	6
3ª	11	B4.3 B4.4 B4.5	-Estudo de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. -Criterios estéticos na elaboración de fotografías. -Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.	Abril	5
3ª	12	B4.6	-Creación dixital de imaxes.	Abril/ Maio/ Xuño	3
		B4.7	-Deseño dun proxecto publicitario.		2
		B4.8	-Desenvolvemento dun proxecto persoal.		13
3ª	13	B4.9	-Análise crítica da linguaxe publicitaria.	Xuño	2

 *Contidos mínimos*

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 4º curso

RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE DIDÁCTICA

Aval.	UD	Identif. contidos	Identif. criterios	CC	Estándares de aprendizaxe	Estándares de aprendizaxe avaliábelse indicadores de logro		Criterios e instrumentos de avaliación					Temas transversais					
						Grao mín. consec.	Peso cualifica.	Tr. Ind.	Tr. gp.	Cad.	Rub.	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
Bloque 1. EXPRESIÓN PLÁSTICA																		
1ª	1	B1.1	B1.1	CCEC	EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	60%	100%	●	●	●				●	●			
		B1.2 B1.3 B1.4	B1.2	CCEC	EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.	50%	60%	●			●				●			
					EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	40%	30%	●			●	●	●					
					EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	30%	10%	●			●			●				
	2	B1.5 B1.6 B1.7	B1.3	CCEC CSIEE	EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	50%	25%	●	●			●		●	●			
				CCEC CSIEE CAA CD	EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	70%	75%	●	●			●		●	●			
	3	B1.8 B1.9	B1.4	CCEC CSIEE	EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	55%	100%	●	●			●	●	●	●	●		
	4	B1.10 B1.11	B1.5	CCEC CSIEE	EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.	50%	85%	●				●	●	●	●			
				CCEC CSIEE	EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	30%	15%	●				●	●	●	●			
	Bloque 2. DEBUXO TÉCNICO																	
2ª	5	B2.1	B2.1	CCEC	EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.	60%	5%	●					●					
		B2.2		CCEC	EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	50%	40%	●	●		●				●			
		B2.3		CAA	EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	50%	30%	●			●		●					
		B2.4		CSIEE	EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.	50%	55%	●			●		●		●			

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 4º curso

RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE DIDÁCTICA

Aval.	UD	Identif. contidos	Identif. criterios	CC	Estándares de aprendizaxe	Estándares de aprendizaxe avaliábelse indicadores de logro		Criterios e instrumentos de avaliación														
						Grao mín. consec.	Peso cualifica.	Instrumentos					Temas transversais									
								Tr. ind.	Tr. opo	Cad.	Pub.	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMO	EC	PV			
3ª	10	B4.1 B4.2	B4.1	CD CSIEE CCEC	EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	40%	30%	●					●	●				●				
					EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.	50%	70%		●			●					●	●				
	11	B4.3 B4.4 B4.5	B4.2	CD CSIEE CCEC	EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	50%	30%	●					●	●				●				
					EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	50%	30%	●					●	●			●					
					EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	50%	30%		●			●		●			●					
	12	B4.6 B4.7 B4.8	B4.3	CD CSIEE CCEC	EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	50%	25%		●		●								●	●		
					EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	60%	35%		●		●										●	●
				CAA CD CSIEE CCEC	EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	60%	40%	●				●									●	●
	13	B4.9	B4.4	CD CSIEE CCEC	EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	50%	100%	●					●	●				●				

■ Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

SIGLAS DAS COMPETENCIAS	SIGLAS DOS TEMAS TRANSVERSAIS
CC: Competencias clave. CCL: Competencia de comunicación lingüística. CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas de ciencia e tecnoloxía. CD: Competencia dixital. CAA: Competencia de aprender a aprender. CSC: Competencias sociais e cívicas. CSIEE: Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	CL: Comprensión lectora. EOE: Expresión oral e escrita. CA: Comunicación audiovisual. TIC: Tecnoloxías da información e comunicación. EMO: Emprendemento. EC: Educación cívica. PV: Prevención da violencia.

CRITERIOS E ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Optamos por unha metodoloxía activa orientada a un aprendizaxe dos dous propósitos fundamentais da Educación Plástica e Visual: *saber ver* e *saber facer*. Unha concepción constructivista de dito aprendizaxe implica a demostración da teoría na práctica sen desvincular unha doutra, capacitando ao alumno para apreciar que non é posible expresarse cunha linguaxe gráfica ou plástica sen coñecer as normas que a rixen e para extraer das súas propias realizacións teorías que, a modo de solucións, sexan útiles para futuros desenvolvementos das súas capacidades creativas. Só desta maneira é posible que a aprendizaxe sexa significativa.

A metodoloxía activa pretende motivar ao alumno para expresarse de modo creativo, para resolver problemas no plano e no espazo de maneira eficaz e orixinal, para interpretar o mundo das imaxes como un mundo propio no que pode participar cos seus coñecementos previos, os que vai adquirindo mailos que pode desenvolver por se mesmo. Se esta metodoloxía esixe a disposición favorable do profesor, tamén é esixible que o alumno colabore cunha actitude aberta e receptiva, que amose interese e esforzo no desenvolvemento das actividades teóricas e prácticas.

Despois da explicación teórica por parte do profesor, este expoñerá o traballo a realizar.

Empregarase unha metodoloxía diferente para cada bloque, distinguindo o bloque de Debuxo Técnico, sempre láminas con exercicios prácticos, do de Expresión Plástica, Visual e Audiovisual, onde se combinarán láminas e traballos feitos co ordenador.

En ámbolos casos, o alumno realizará o traballo proposto polo profesor dentro do tempo estipulado de antemán e sen sacar o seu traballo da aula.

Unha vez acabado, entregarano inmediatamente o seu profesor para a súa posterior corrección. Como estratexias metodolóxicas empregaranse as seguintes

- Regular o tempo de traballo
- Motivación
- Posta en común de determinados temas a través do debate e a discusión
- Análise do resultado dos traballos.
- Valorando das distintas respostas ante o mesmo planteamento.
- Evitar actitudes de rechazo.
- Valorar a orixinalidade.
- Valorar a pulcritude.
- Valorar a precisión.

Unha aprendizaxe é máis significativa cantos máis vínculos substantivos e non arbitrarios consiga establecer entre os coñecementos previos e os posteriores, cando os contidos se presenten como necesarios para resolver problemas prácticos que se atopan na vida cotiá, máis alá da aula na que se desenvolven. Neste sentido, a Educación Plástica e Visual é unha materia que non pode conformarse coa beleza do inútil, senón que debe aplicarse a outras áreas de coñecemento e, por riba de todo, a outros contextos que non sexan os meramente educativos. Non pretendemos formar só espectadores máis ou menos críticos, senón tamén actores que saiban expresar gráfica e plásticamente as súas ideas a uns niveis razoables para as súas idades. Para acadar unha aprendizaxe significativa é necesaria, ademais, unha actitude favorable por parte do alumnado que favoreza un replantexamento dos seus coñecementos e da súa estrutura cognitiva.

MATERIAIS CURRICULARES, ESPAZOS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais curriculares do Departamento constan principalmente de bibliografía: libros de texto correspondentes a cada nivel que imparte, monografías sobre artistas, estilos, técnicas e materiais gráficos e plásticos así como de didáctica do debuxo.

Os espazos dispoñibles para o desempeño da materia son as aulas propias de cada curso xa que neste curso 2020-2021, a aula de plástica foi empregada para outros usos.

O Departamento pode dispor dos recursos didácticos comúnes para o Centro: a Biblioteca, os ordenadores portátiles do armario TIC, os ordenadores da aula de informática, proxectores, etc. cando os seus propósitos didácticos o requiran, previa reserva de uso.

Materiais individuais do/da alumno/a

Cada alumno/a deberá asistir a clase cos seguintes materiais en boas condicións de uso:

- Lapis 2H.
- Lapis 2B ou HB.
- Lápices de cores: maxenta, cián amarelo e negro.
- Goma de borrar branca.
- Afila-lapis.
- Compás con adaptador de rotulador e lapis.
- Xogo de escuadra e cartabón de 30 cm na hipotenusa da escuadra e no cateto maior do cartabón.
- Regra de 30 cm.
- Rotuladores calibrados negros: 0,2 / 0,4 / 0,8 mm.
- Láminas brancas DIN-A-4 sen recuadrar. Mínimo 3 láminas por clase (iranse repoñendo).
- Block de debuxo

AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Ten lugar nas dúas primeiras sesións do curso, no mes de setembro, e consiste nunha proba de debuxo libre no que poderemos analizar as condicións das que parten os alumnos .

Avaliación continua e final

Faránse probas escritas e prácticas, nas que se amose o grao de asimilación dos contidos. As rúbricas (láminas de exercicios gráficos ou plásticos, traballos de textura e modelado, video, etc) dos alumnos valoraranse de 0 a 10 puntos de modo individual. A nota final de cada trimestre farase tendo en conta nun 60% a media de todas as rúbricas esixidas, tanto as entregadas como as pendentes de entrega, cun 30% o exame teórico e cun 10% a actitude e comportamento presentado na clase. É obrigatorio entregar todas as rúbricas en prazo. Terase moi en conta que o alumno entregue o seu

traballo dentro do tempo estipulado de antemán polo profesor. O retraso inxustificable na entrega suporá unha penalización de 1 punto no primeiro día hábil, 2 no segundo, 3 no terceiro e 5 a partir do cuarto, de xeito que calquera rúbrica ou traballo non poderá ser cualificado con unha nota máis alta do suficiente a partir do cuarto día de demora na súa presentación.

A avaliación final será o resultado da ponderación das cualificacións obtidas nas tres avaliacións trimestrais, considerando os exercicios de recuperación valorados positivamente durante o curso.

Criterios de cualificación e promoción

En cada avaliación o departamento decidirá o peso que na cualificación final de cada trimestre e área terán os instrumentos de avaliación utilizados para o seguimento das aprendizaxes dos seus estudantes. Para a súa determinación, poden apoiarse nunhas táboas como as seguintes:

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Ferramentas de avaliación do traballo competencial	10 %
Probas de avaliación escritas	30%
Evidencias dos estándares de aprendizaxe	60%

Cualificación total	100 %
----------------------------	--------------

Ao final do curso:

	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
1.ª avaliación	33,3 %
2.ª avaliación	33,3 %
3.ª avaliación	33,3 %
Cualificación total	100 %

Avaliación das probas extraordinarias

Esta avaliación terá en conta os coñecementos e habilidades que o alumnado amose nos exercicios correspondentes, sen entrar a valorar a traxectoria do mesmo durante o curso pendente, sempre que esta sexa negativa. A avaliación destas probas vai ser exclusivamente sumativa, acorde coas partes correctas dos exercicios no tempo limitado establecido para desenvolverlos.

Instrumentos de avaliación

Son principalmente exercicios e proxectos que debe desenvolver o alumnado partindo de condicións técnicas previamente expostas e estudadas. Os exercicios e proxectos reflicten o grao de asimilación dos coñecementos impartidos e a destreza adquirida polo alumnado. Os apuntes de clase contan dun xeito actitudinal, posto que, se ben se apreza neles a capacidade de síntese e o interese pola materia, non amosan por se mesmos

os coñecementos prácticos nin teóricos do alumnado. Así como a proba escrita teórica que se realizará de forma trimestral. É fundamental como instrumento de avaliación a observación na aula para calificar o grao de autonomía adquirido en canto a conceptos, procedementos e actitudes se refire.

Sistemas de cualificación

Cos datos obtidos da observación na aula e a avaliación de exercicios e proxectos xunto coa proba teórica, a cualificación vai responder a tres aspectos presentes en cada unidade didáctica: conceptos, procedementos e actitudes.

Conceptos e procedementos avalíanse conxuntamente, toda vez que se reflicten de xeito inseparable nos exercicios e proxectos realizados na aula. Ámbolos dous aspectos supoñen o 90% da cualificación sumativa, supoñendo o 10% restante o aspecto actitudinal.

A media das cualificacións das unidades didácticas do primeiro trimestre conformará a cualificación da primeira avaliación. As cualificacións das unidades didácticas do segundo trimestre farán media coas do primeiro para aportar unha cualificación real do momento do curso na segunda avaliación. As cualificacións das unidades didácticas do terceiro trimestre farán media coas dos anteriores que será a nota da terceira avaliación e da avaliación final.

Este sistema pretende compensar a diferenza temporal entre trimestres, evitando no posible que bos ou malos resultados dun trimestre curto repercutan de modo desproporcionado nos restantes. Por outra banda, as diferenzas de complexidade e tempo de execución entre unidades didácticas non contan á hora de facer media entre elas, xa que os alumnos responden de xeito desigual perante exercicios aparentemente sinxelos onde atopan dificultades, e vice-versa, e algunhas unidades didácticas poden precisar máis tempo que outras en función dos seus procedementos, aínda que conceptualmente podan ser asimiladas nunha soa sesión.

A cualificación non debe perder de vista os contidos mínimos esixibles como referencia (5 puntos). Non acadar os contidos mínimos nalgua parte deles pode supor unha cualificación global negativa, aínda que co resto das cualificacións parciais puidera facer unha media positiva.

Autoavaliación do profesorado

Ao finalizar cada unidade, o profesor terá que cuestionarse:

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade no próximo curso? Por que?

Abandono de materia

O posible desinterese do alumno cara á área non é necesariamente resultado da falta de motivación por parte do profesor, senón que pode responder ás carencias que aquel presenta a nivel disciplinario, familiar ou persoal, que deben de ser abordadas en ámbitos que superan as competencias deste departamento.

O Departamento de Educación Plástica e Visual considera que o alumno abandona a área nos seguintes supostos:

- Non asistir a clase de modo inxustificadamente durante un terzo do trimestre ou do curso.
- Non presentar un terzo dos exercicios propostos durante o trimestre ou o curso.
- Ter cualificacións menores ou iguais a un punto nun terzo dos exercicios propostos durante un trimestre ou o curso.

O Departamento estima que, en tales supostos, o alumno amosará, ademais de desinterese pola área, un rendimento nulo ou abondo baixo á luz das súas capacidades, polo que os seus resultados serían considerados como abandono de materia, independentemente de que se produxera nel un cambio positivo de actitude durante o curso ou ao final deste. O abandono de materia implica a perda do dereito á avaliación continua, non afectando ao dereito a presentarse ás probas ordinarias e extraordinarias previstas ou a entregar exercicios de recuperación.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O tratamento á diversidade debe producirse desde o momento que se detectan distintos niveis de coñecementos e actitudes entre o alumnado. A tal fin, o Departamento de EPV propondrá exercicios de conformidade cos criterios do Departamento de Orientación que maticen os obxectivos e contidos establecidos, facéndolos máis sinxelos ou máis complicados segundo os intereses e as necesidades.

Na atención á diversidade convén intensificar a relación das actividades plástico-visuais con outras materias, xa que a aprendizaxe a través das imaxes pode ser moi adecuado para moitas delas. Flexibilizar a intervención pedagóxica é, polo tanto, unha condición indispensable para dar resposta á diversidade. Nesta perspectiva, a práctica dunha auténtica pedagogía diferenciada resulta imprescindible.

En síntese, na área de Educación Plástica e Visual, a atención á diversidade do alumnado de distintas formas:

- Diversificación da información conceptual para que cada grupo de alumnos/as, segundo o criterio do profesor/a, poda elixir os apartados máis adecuados.
- Asumir as diferencias no interior do grupo e estudar os niveis de dificultade das propostas seleccionadas.
- Distinguir os exercicios que sexan realizables pola maioría do alumnado.
- Facilitar a avaliación individualizada na que se fixan as metas que o alumno/a debe acadar a partir de criterios derivados da súa propia situación inicial.

Polo tanto, á hora de avaliar teranse en conta os seguintes aspectos:

- Delimitación dos obxectivos específicos avaliáveis.
- Tipo e modo de recollida de información.
- Forma de xenerar criterios e xuízos.

-Decisións en torno á valoración da diversidade de capacidades dos alumnos/as que integran o grupo que, por unhas ou outras razóns, presenta a realidade da aula.

Con estas consideracións trátase, en definitiva, de reducir os desaxustes que se producen na formación dos adolescentes e de facer máis positiva e eficaz a función do profesorado.

Alumnado con necesidades educativas especiais

O Departamento de Educación Plástica e Visual, en coordinación co Departamento de Orientación Pedagóxica, elaborará adaptacións curriculares para alumnos con necesidades educativas especiais, cara á consecución dos obxectivos mínimos da etapa, concretados no Proxecto Curricular de Centro para cada curso de ESO nesta área. Os obxectivos poden corresponder, se se dá o caso, a outra etapa que cursaran con anterioridade os alumnos obxecto de adaptación curricular, o que non obsta para que, unha vez acadados ditos obxectivos, sexan homologados aos do curso no que se atopan os alumnos nese momento.

As adaptacións poderán ser revisadas polos departamentos implicados durante o seu desenvolvemento, co fin de aplicar as oportunas modificacións para conseguir os seus obxectivos.

Posto que as adaptacións curriculares responden a obxectivos xerais de etapa, pódense desenvolver en máis dun curso. Os seus resultados positivos parciais non implican necesariamente a superación do curso; caso a valorar polo Departamento de Educación Plástica e Visual, responsable derradeiro da adaptación curricular.

RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

O alumno coa materia pendente de cursos anteriores ten o dereito de realizar dúas probas de recuperación: unha ordinaria no mes de maio e outra extraordinaria en setembro, correspondentes a sesións de avaliación de xuño e setembro respectivamente. As avaliacións constarán nas actas correspondentes aos cursos das materias obxecto de recuperación.

Co fin de facilitar ao alumno a superación da materia pendente, o Departamento propón as seguintes modalidades de recuperación:

1. Realización voluntaria de exercicios ao longo do curso que o alumno poderá presentar en calquera momento do mesmo, ata quince días naturais previos á data da proba extraordinaria de maio. O alumno poderá realizar consultas sobre os exercicios ao profesor no horario que este ten establecido para atención a alumnos. No caso de que os exercicios sexan cualificados positivamente, considérase recuperada a materia. No caso contrario, o alumno debe presentarse ás probas de recuperación indicadas con anterioridade.
2. A avaliación negativa en xuño ten que ir acompañada de actividades de recuperación que o alumno pode presentar na proba extraordinaria de setembro. En tal caso, o profesor considerará as actividades avaliadas positivamente como eximentes da realización da proba, de modo total ou parcial segundo o grado de consecución dos obxectivos.
3. Tanto a proba ordinaria como a extraordinaria de recuperación centrarase exclusivamente en contidos e obxectivos non acadados polo alumno, o que, na práctica, implica a realización dunha proba

individualizada que, na avaliación sumativa, fará media aritmética co resto de contidos e obxectivos superados.

4. Contéplase a posibilidade de recuperación de materias pendentes mediante ACI para alumnos con necesidades educativas específicas, previa consulta ao Departamento de Orientación Pedagóxica.

Elaboración e cualificación de probas extraordinarias de recuperación

As probas extraordinarias serán elaboradas tendo como referencia os contidos mínimos e os obxectivos non acadados polo alumno ao longo do curso.

Cando o alumno non se presente a unha proba extraordinaria de Educación Plástica e Visual, constará como *non presentado*, con abreviatura *NP*, e se considerará, a efectos de avaliación, a calificación otorgada na sesión final de avaliación ordinaria.

A recuperación en programas de diversificación curricular

O alumno dun programa de diversificación curricular coa área pendente de primeiro e/ou terceiro curso poderá recuperala conforme ás medidas anteriormente expostas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento fomentará a participación do alumnado en actividades complementarias da súa competencia: concursos de pintura, debuxo, fotografía, etc. de carácter escolar, seguindo a traxectoria iniciada cursos atrás con resultados satisfactorios. Tales actividades complementarias terán carácter voluntario e, no caso de que a participación sexa maioritaria, poderanse integrar como actividade dunha unidade didáctica.

As actividades extraescolares terán carácter obrigatorio e dependerán da oferta cultural (exposicións, visitas a museos e monumentos, proxeccións de películas, *happenings*, *performances*, etc.) adaptada ao público escolar. Porén, a programación destas actividades será indefinida ata concretar a oferta elixida. O Departamento procurará programar, alomenos, unha actividade por curso para cada nivel.

FOMENTO DA LECTURA

Resulta complicado que a Educación Plástica e Visual fomente a lectura de xeito eficaz dado o reducido do seu horario en ESO. Non obstante, dende o Departamento procurárase fomentala no posible.

A maiores da hora de lectura semanal do antigo Plan Lector do centro, no caso de que se aplique, cada unidade didáctica vai ser precedida dunha lectura colectiva dun texto explicativo na que se van corrixir os posibles erros

de interpretación e comprensión, engadindo explicacións da materia e referencias bibliográficas e de páxinas web onde ampliar coñecementos.

En unidades didácticas con exercicios de ilustración o alumnado deberá ler os textos a ilustrar, acompañando a cada exercicio dunha sinopse escrita do lido. A lectura deberá facerse fóra do horario lectivo ou ben no horario de biblioteca asignado ao Departamento.

INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXIAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC) NA EPV E NA EPVA

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) supoñen unha verdadeira revolución nestes eidos que repercuten directamente na transformación socio-económica. A información, grazas as TIC, vai moi por diante das capacidades que temos de procesala e asimilala, polo que é urxente abordala dende o ámbito educativo cos medios pertinentes; as novas tecnoloxías deben estar presentes no funcionamento cotiá da aula do mesmo xeito que están presentes fóra dela.

Hai uns poucos anos, tiñamos que conformarnos con abordar as novas tecnoloxías da comunicación só dende un punto de vista teórico, xa que os equipos e programas informáticos eran escasos, obsoletos ou, sinxelamente, inexistentes. Hoxe temos a posibilidade de formar ao noso alumnado non só na análise dos procesos de comunicación, senón tamén na produción de mensaxes feitos coas novas ferramentas dixitais. Para acadar as nosas metas, é imprescindible convivir na aula coas novas tecnoloxías da comunicación;

non porque non consideremos fundamental o aprendizaxe das técnicas e as linguaxes tradicionais; máis ben porque nunha etapa de ensino obrigatorio é necesario formar aos alumnos nas aplicacións, no noso campo, das novas tecnoloxías se non queremos atoparnos, ao final da mesma (que para máis dun alumno pode ser a derradeira) con alumnos ben formados no sentido tradicional, pero analfabetos funcionais cara as novas esixencias do universo dixital.

Non podemos quedar á marxe do desenvolvemento das novas tecnoloxías, porque hoxe en día son imprescindibles en case todos os ámbitos da economía e da sociedade. O que non quere dicir que apostemos cegamente por unha implantación das mesmas que rexeite ou trate de invalidar o ensino cos medios tradicionais. Somos conscientes das vantaxes que no desenvolvemento da sociedade aportan as TIC, pero tamén dos perigos da súa dependencia. Aproveitar ditas vantaxes e desenvolver unha capacidade crítica cara aos seus inconvintes ten que ser a nosa pauta de conducta.

Metodoloxía

A metodoloxía a empregar vai ser activa, xa que vai primar a resolución de problemas ou cuestións dun xeito práctico, fronte a aspectos teóricos que non ofrezan resultados

Obxectivos

O departamento de Educación Plástica e Visual participa no proxecto cos seguintes obxectivos:

1. Familiarizar ao alumnado no uso de hardware e software adecuado para a creación e tratamento de imaxes, tanto fixas como en movemento.
2. Colaborar en proxectos multidisciplinares como a páxina web do CPI, proxectos multimedia e tratamento gráfico de materiais educativos en soporte dixital.
3. Aplicar as TIC aos contidos propios da área: da creación material á creación virtual e viceversa, estudando as analogías e diferencias entre as linguaxes e técnicas dos medios tradicionais e dos novos medios dixitais.
4. Desenvolver a creatividade do alumnado a partir dos recursos multimedia e da información que facilita o profesor ou que poden obter na Biblioteca escolar e por Internet, aplicándoa na análise crítica das mensaxes visuais e audiovisuais, tanto propias como alleas.

ANEXO I

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN ÁS CONDICIÓNIS EXCEPCIONAIS DO ENSINO MOTIVADAS POLA PANDEMIA DE COVID 19

A pandemia de covid 19, que afectou ao desenvolvemento normal do curso 2019-2020, persiste no inicio do 2020-2021, e non se prevé unha solución á crise sanitaria xerada pola expansión do virus a curto ou medio prazo, polo que é presumible que seguirá interferindo negativamente durante o presente curso, sexa polos contidos necesarios que non se impartiron no curso anterior ou polas medidas que, probablemente, haberá que adoptar para facer efectivo o dereito á educación do alumnado que non poida asistir ao centro en aplicación de normas ou protocolos para frear a covid 19.

PLAN DE REFORZO

A materia de EPVA non se imparte se imparte en 2º e faise de xeito opcional en 4º, polo tanto, as carenzas derivadas da interrupción do curso 2019-2020 para o alumnado de 1º deberán ser abordadas no curso 2021-2022 cando estea en 3º, as do alumnado de 3º só poden ser abordadas cos alumnos que escollen a materia no curso actual. Para estes alumnos habera un *Tema 0* ou inicial cos contidos de 3º especialmente vencellados aos do nivel de 4º de ESO.

CONTIDOS

Aproveitaranse as clases presenciais para impartir contidos teóricos, dando prioridade aos contidos mínimos (senalados nos cadros correspondentes en cor tella e laranxa claro), aos estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (senalados en laranxa), explicados pormenorizadamente, de modo que o alumno asimile coñecementos fundamentais. Trátase dunha medida excepcional que vai condicionar a programación de aula, baseada na previsión de momentos

de confinamentos individuais –tanto do profesor como dos alumnos- ou xerais, nos que a docencia vese limitada polos medios telemáticos, as condicións horarias e as circunstancias persoais de cadaquén.

TEMPORALIZACIÓN

Mantense a temporalización en todos os niveis e non se alterará agas por causas de forza maior, como poden ser as derivadas de medidas sanitarias impostas polas Administracións competentes ou por problemas técnicos que afecten á alternativa das clases non presenciais.

METODOLOXÍA

O recurso ás TIC será prioritario en caso de non poder desenvolver o curso ou parte del de xeito presencial.

Presencialidade

As clases serán presenciais e nelas desenvolverase a programación coa normalidade que permitan as medidas preventivas da pandemia dentro da aula.

As clases presenciais adicaranse a avanzar nos contidos e a calquera tarefa que resulte máis doado realizar na aula que a distancia. As prácticas que se fagan presencialmente estarán orientadas a consolidar a aprendizaxe dos contidos expostos.

Non presencialidade

Contéplanse dúas posibilidades de ensino telemático: individual e grupal, segundo afecte a un ou varios alumnos, por unha banda ou, por outra, ao profesor, ao grupo de alumnos ou a ambos á vez.

No caso individual, o profesor manterá contacto mediante correo electrónico e a aula virtual co alumno confinado preventivamente. Colocará contidos nun e/ou noutro medio e resolverá as dúbidas que poidan xurdir. No caso de contar coa formación e os medios tecnolóxicos adecuados, ofreceríase a posibilidade de impartir clases ou contactar mediante videoconferencia ou, no seu defecto, elaborar titoriais audiovisuais para a aula virtual.

Chegado o caso, sería ideal poder contactar co alumno por videoconferencia na hora de clase ordinaria coa fin de que se integrara no grupo e participara con este da mesma clase.

No caso grupal, os medios e procedementos serían os mesmos que no caso anterior. Se o profesor é quen debe estar confinado preventivamente, faría chegar ao grupo os materiais escritos e/ou audiovisuais para traballar na clase, sen prexuízo de que houbera posibilidade de impartir docencia por videoconferencia na propia hora de clase.


MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Ademais dos contemplados na programación, na aula virtual do centro o alumnado disporá de materiais elaborados polo profesor, así como ligazóns con sitios web sobre temas que se vaian abordando.

Os materiais estarán presentes na aula virtual durante as clases presenciais ou antes non presenciais.

Guntín, 15 de outubro de 2020

Fdo: Blanca Bermúdez Díaz



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Non cambian con respecto á programación ordinaria, agás que as Administracións educativas impoñan outros criterios en virtude de situacións de emerxencia. Valoraranse cun peso maior as probas prácticas (rúbricas) individuais e en equipo, sen prexuízo de que podan establecerse probas teórico-prácticas individuais para afianzar coñecementos, para comprobar a autoría dos traballos feitos en casa ou para recuperar a materia. Por outra banda, toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de estar copiado ou de non ser de elaboración propia será cualificado cunha nota numérica de 0. A experiencia do terceiro trimestre, con traballos feitos en casa de dubidosa autoría, obriga a ser estritos nestes casos.

AVALIACIÓN INICIAL

Polas razóns expostas no plan de reforzo, a avaliación inicial vaise facer cos criterios ordinarios. En 4º de ESO, porén, haberá unha avaliación dos contidos non adquiridos no curso anterior para elaborar o tema 0 e poñer ao día a alumnado que escolleu EPVA.